

# Unha literatura de nación sen Estado

**Silvia BARDELÁS ÁLVAREZ**

Universidad Nacional de Educación a Distancia  
Departamento de Filosofía y Filosofía Moral y Política

silviabardelas@ellectorperdido.com

Este traballo está escrito dende o campo da estética e o que pretende é abrir unha reflexión sobre o feito de que a literatura galega se desenvolve nun territorio sen nación-Estado. Evidentemente non me podo estender moito e voume centrar nos problemas de desenvolvemento da novela total, a que busca as lóxicas internas da condición humana mergullándose na realidade social do seu momento sen estar suxeita a subxéneros.

Unha literatura como a galega, que non tivo un espazo libre para o seu desenvolvemento até hai case trinta anos, é unha literatura que aínda está na procura da súa autonomía. Ser autónomo significa ser quen de fixar os propios fins e as propias normas, mais tamén significa estar recoñecido polas outras literaturas. Este proceso está nas mans do que se vén chamando sistema literario: os críticos, os profesores, as editoriais ou as políticas lingüísticas, por desgraza pouco teñen que dicir os lectores, e naturalmente, o proceso ten que estar exposto á crítica para tomar novos camiños ou retomar obxectivos esquecidos. Traemos como exemplos desta crítica o caso de Inma López Silva, que fai referencia a González Millán ou Antón Figueroa nun artigo sobre escritores, lingua e identidade; o discurso de entrada na Academia de Camilo Gonsar ou a presentación que fixo Uxío Novoneyra de *Desfeita*. Cal é o problema fundamental do sistema literario ao que atenden estas críticas? O problema da ideoloxización.

Inma López Silva fai fincapé na diglosia de Galicia e na súa condición de lingua minorizada que ten que sobrevivir, o cal é o factor fundamental da diferenza con respecto á cultura forte, a do Estado.

En efecto, en Galicia a lingua funciona coma factor identitario de primeira instancia, e de aí que os discursos lingüísticos, especialmente o literario, posúan unha importancia sociopolítica que vai moito máis alá do puramente estético ou cultural. Tendo isto en conta poderemos comprender por que lingua e identidade van estreitamente vencelladas no discurso cultural galego desde fins do século XIX ata os nosos días, xa que a reivindicación e busca das particularidades diferenciais da comunidade galega (por contraste coa española, enténdase) foron as ansias do discurso ideolóxico desde os primeiros rexionalistas e, desde logo, están na base do actual discurso nacionalista en Galicia. (López Silva 2001: 116)

Neste artigo López Silva fai referencia á literatura nacional como unha invención de Herder, á función da literatura como instrumento de cohesión social de Itamar Even-Zohar ou ao termo de capital simbólico de Bourdieu. Con estas referencias o que busca máis que nada é facer ver a necesidade dunha crítica literaria que valore máis os textos dende un punto de vista estético e non tanto dende o punto de vista filolóxico, atendendo á lingua como aspecto fundamental ou case único. E fai alusión a moitas críticas que poñen a corrección lingüística por diante da creatividade ou profundidade dunha obra:

Nestes casos, os procesos de selección e valoración de textos literarios e non literarios están fortemente condicionados polo capital simbólico (tiro o termo de Bourdieu) que se lles confire só por estaren escritos na lingua a reivindicar. Evidentemente, esta característica é elemento definitorio do grao de normalidade dun sistema literario, pois a autonomía do sistema virá determinada, en parte, pola capacidade dos axentes para valorar os textos respondendo a cuestións máis intratextuais, máis estéticas, se se quere, e menos determinadas polas necesidades e intereses doutros campos coma o político ou o ideolóxico. (López Silva 2001: 110)

Tamén fai referencia aos esforzos dos escritores galegos nos anos vinte, por exemplo, por pertencer ao que poderíamos chamar literatura universal. De feito, Blanco Amor, Risco ou Otero Pedrayo fan un labor de interrelación coas outras literaturas europeas a través de viaxes e lecturas. A significación europeísta da xeración Nós amósase tanto nas súas obras literarias coma no seu nacionalismo universalista. As viaxes por Europa e as lecturas das vangardas quedan reflectidas en obras que poderíamos considerar expresionistas: *A esmorga* ou *O porco de pé*, novelas que conforman unha crítica á sociedade galega na súa totalidade dende unha achega máis expresionista que realista<sup>1</sup>. Sen perder de vista o seu galeguismo, estaban moi centrados na cuestión estética, como reconece Blanco Amor na súa relación de aprendiz con Vicente Risco:

Eu despertei ao mundo literario con La Centuria, a revista neurosófica ourensán de Vicente Risco, que publicaba moitas traducións de poetas simbolistas. Estas traducións continuábanse logo coa lectura de Rimbaud, Mallarmé e outros... Tamén asistín durante catro anos á clase de Historia que explicaba Risco. O que aprendín entón, os libros que me prestou, as largas conversas na súa casa ou no

café Royalty... constitúen unha formación básica... A prosa castelá de Risco de *Preludio a toda estética futura* forman parte dos primeiros deslumbramentos da miña soterra vocación literaria, a par de *Les fleurs du mal*, dos contos de Poe e da prosa francesa de Gautier e Gustave Flaubert. (Blanco Amor 1966: 332)

Poderíamos dicir que nesa época o sistema literario galego era case inexistente, ou que eran eles mesmos os que o conformaban. Aínda así, *A esmorga*, case única novela galega non subscrita a ningún subxénero narrativo nese momento, tivo que ser publicada en Bos Aires.

No seu texto “O imaxinario na literatura galega actual”, María Xesús Nogueira fai un interesante seguimento do imaxinario entendido como imaxes que unha comunidade proxecta da súa identidade. “Cómpre puntualizar que por imaxinario entendo a imaxe que unha cultura particular vai formando da realidade e que se ve reflectida nos seus códigos artísticos” (Nogueira 2007: 1). Dá conta do desenvolvemento do imaxinario galego dende os anos 80, que suma ao popular, onde se asentan o patrimonio oral, o mundo rural, a paisaxe, os mitos herdados ou a historia, os novos imaxinarios de procedencia esóxena como o mundo urbano, o cosmopolitismo ou a globalización e as novas tecnoloxías. Cada un destes grupos de imaxinarios ten os seus representantes, que escolle María Xesús Nogueira dende os anos 80, e chama a atención a ausencia de Camilo Gonsar ou Cid Cabido, ou o libro *Ilustrísima* de Carlos Casares, unha novela curta pero especialmente crítica coa sociedade galega<sup>2</sup>. Estes exemplos, efectivamente, non son exemplos de imaxinarios que proxecten directamente a identidade de Galicia porque, como explicaremos agora, a novela non parte dun obxectivo identitario, senón máis ben dunha

<sup>1</sup> Non hai espazo neste artigo para unha comparanza coa literatura castelá, pero sería interesante confrontar o interese universal e de vangarda da literatura galega e da castelá nese momento para salientar o espírito universalista da xeración Nós.

<sup>2</sup> Non é a intención de M<sup>a</sup> Xesús Nogueira facer un inventario exhaustivo de autores, pero chama a atención que estes nomes, cun estilo de escritura semellante, non estean representando o imaxinario urbano.

crítica á propia sociedade, crítica de procura, que non parte dunha ideoloxía que xa entende, senón que quere chegar a entender o desenvolvemento da sociedade. Dalgunha maneira, autores como Blanco Amor, Camilo Gonsar ou Cid Cabido, que teñen textos que reflicten o cotián e os problemas da sociedade, e que son os representantes máis claros do mundo urbano como escenario, non computan no sistema literario galego como deberan. Mesmo hai que resaltar o caso de Camilo Gonsar ou Cid Cabido, que tentan usar as dúas linguas para dar conta da situación real, sen que a súa procura estética teña eco ningún no sistema literario galego. Entendemos que as obras cun impulso máis novelístico, no senso de novela total de Luckács<sup>3</sup>, non son ben recibidas nun sistema literario centrado na identidade. A novela total, que, efectivamente, non ten apenas presenza na literatura galega, é unha procura das lóxicas da condición humana, unha condición que, ao tempo que se descobre na escrita, fai de xuíz social e pon en xaque o xeito de estar xuntos dunha sociedade calquera.

No artigo de López Silva antes mencionado, hai unha referencia á necesidade de novela, á falta dunha novela representativa da literatura galega que se está a reparar coa creación de premios literarios dende os anos oitenta. Pero o feito de escribir máis novelas non supera a falta de liberdade creativa ou o peso enorme que afronta un autor de ser gardián da lingua e da nacionalidade. Para escribir novelas hai que ter ese espírito de busca que non está nos chamamentos á participación en concursos literarios.

Exemplo deste problema é o feito de que algunhas novelas moi importantes, que fan de espello da sociedade de Galicia na súa totalidade despois da xeración Nós, están escritas en castelán. A situación política tivo moito que ver, pero deberíamos revisar por que en castelán foi máis doado presentar o conxunto

da sociedade galega, os seus problemas na súa forma de organizarse. Falamos desta intención na xeración Nós e na do 25, mais podemos ver, salvo nos casos citados de Casares ou Camilo Gonsar, unha preferencia polo subxénero narrativo. Novelas de Torrente Ballester como *Los gozos y las sombras* funcionan como crítica da sociedade galega e fan de espello dende a condición humana, sen pretender construír unha identidade. Cóstanos o desexo de Torrente por escribir en galego; non podemos entrar agora neste tema, pero o que podemos ver é un impulso de busca de novela total nunha cultura concreta, a nosa. O feito de que non haxa moitas novelas coma esa escritas en galego pode que teña que ver con esa asfixia da necesidade de creación de identidade, necesidade falsa porque non hai tampouco mellor xeito de crear identidade que na crítica, é dicir, dando por feito que a nosa identidade é inquestionable e que do que se trata é de coñecer o que na vida cotián se nos agocha.

No seu discurso de entrada á Real Academia Galega, Camilo Gonsar fai alusión precisamente ao tema deste relatorio, a problemática específica da literatura galega por pertencer ao Estado español: “Concretamente, no caso de Galicia, a súa pertenza ó Estado español orixina unha serie de problemas específicos e unha tensión dialéctica continua, aínda que variada segundo as circunstancias históricas” (Camilo Gonsar 2002: 2). Para explicalo, primeiro dá a súa visión do nacionalismo como un conxunto de actividades encamiñadas “a preservar e fortalece-lo ser e a identidade de Galicia como tal, sobre a base, repito, da consideración da lingua como o factor esencial da nacionalidade galega” (2002: 2). Despois de facer un percorrido pola súa experiencia, chega ao recoñecemento do nacionalismo galego ao tempo que a unha apertura universal. E remata a idea anterior: “pois ben, sobre a base deste nacionalismo aberto incorporámonos, na medida das nosas aptitudes –ben escasas, certo é,

<sup>3</sup> Non teñen estes autores –talvez si Blanco Amor– unha intencionalidade novelística total, pero achéganse a unha crítica social aberta a todos os estratos e non teñen pretensión de narrar en sentido estrito.

polo que a min respecta— ó cultivo da literatura galega, tan esencialmente unida á lingua e tan necesaria como acervo cultural dun pobo” (2002: 10).

Hai que ter en conta que Camilo Gonsar está disposto a poñer a súa literatura a fortalecer a identidade de Galicia, pero sen renunciar a universalidade; é máis, non pode entender un nacionalismo non aberto sen ter referencias alleas para estar en constante interrelación coas outras literaturas.

E esta é precisamente a idea de Goethe do mundo literario ou, poderíamos dicir, da literatura universal, que sería mellor chamar mundial. Para Goethe o mundo literario é un intercambio de diferentes xeitos de ver o mundo, un espello da pluralidade a través das relacións con xente allea mediadas por traducións, críticas literarias ou recensións sobre outras linguas. A tolerancia entre nacións, segundo Goethe, estaría avaliada por este mundo literario que é capaz de amosarnos comprensiblemente eses mundos inintelixibles doutro xeito. A súa reivindicación abre<sup>4</sup> a raia da literatura nacional:

Emporiso é verdade que os alemás, cando non somos quen de mirar un pouco máis aló do noso estreito círculo da nosa contorna, caemos demasiado facilmente nesa pedante pretensión. Por iso me gusta votar unha ollada ao que fan as nacións estranxeiras e recomendo a calquera que faga o mesmo. A día de hoxe a literatura nacional xa non quere dicir moita cousa. Chegou o tempo da literatura universal e cada quen ten que poñer algo da súa parte para acelerar o seu advento. (Eckerman 2005: 267)

Evidentemente, esta afirmación está feita dende unha nación-Estado, unha literatura autónoma. O problema dunha literatura sen un Estado que a represente na conversa internacional é unha falta de liberdade tanto para unha autocrítica como para unha crítica da allea. Para ter unha relación hai que estar en igualdade de condicións e é obxectivo primordial

chegar a esa igualdade de condicións a pesar da falta de Estado.

Camilo Gonsar aclara o tipo de nacionalismo que representa o galego, sempre nesta liña que estamos a seguir:

É o galego un “nacionalismo internacional”, usando unha expresión do profesor Ulises Moulines; é dicir, non ensumido na autocontemplación, senón interesado na existencia e na subsistencia das outras nacións e que ten a súa correspondencia no mesmo pobo galego, un pobo emigrante cheo de relacións familiares con toda América e ultimamente con tantas nacións europeas. (Gonsar 2002: 10)

Se seguimos con esta necesidade de pluralismo para manter unha literatura mundial, é aí onde podemos atopar un oco. Kant expón a necesidade do pluralismo para manter unha convivencia democrática. Segundo el, é posible unha historia universal cun propósito cosmopolita. E para iso é necesaria a pluralidade. Soña cun Estado que abrangue a humanidade enteira. Este é o cosmopolitismo ben entendido, e dende esta idea cosmopolita é fundamental o papel da novela como memoria da humanidade. A literatura galega pode sentirse cómoda porque ten o seu espazo para amosar o seu punto de vista sobre o mundo, tomando conciencia de si mesma sen illarse, sen ter como obxectivo unha literatura doméstica, senón entrando na conversa literaria mundial. Mergullándonos un pouco neste tema podemos entender que calquera punto de vista que non sexa crítico co propio e que non se asente na condición humana, non pode ser comprendido por outros. A forma cosmopolita de existir non ten nada que ver tampouco coa forma globalizada de existir, cun punto de vista común; de feito, cando actualmente se fala da apertura da literatura galega, se está facendo referencia á literatura globalizada, ás formas de narrar postmodernas que unifican. Trátase de importar formas narrativas comúns a todas as culturas, de xeito que as voces propias esvaecen.

<sup>4</sup> Temos que salienta o labor que se está a facer no eido das traducións neste momento en Galicia.

Imos entrar un pouco neste problema da globalización literaria. Estamos a falar de que a literatura ten o poder de crear identidade; a pregunta que formulamos é: ten, polo tanto, capacidade de crear unha identidade globalizada? A narrativa posmoderna é unha narrativa con voz globalizada; non hai diferenza entre un personaxe creado en España, Francia ou os Estados Unidos<sup>5</sup>. A razón é que parte dunha abstracción, unha idea de ser humano na actualidade que dá lugar a un tipo de ficción que xira en torno a ela. De xeito que hai quen di que o mundo é igual en todos os lugares, e que a literatura, polo tanto, é igual en todas as “culturas”. A literatura galega globalizada estaría a adoptar esta voz común a todas as nacións, e aínda que os personaxes falen en galego e se movan en situacións propiamente galegas na lectura non hai unha impresión diferenciada da cultura. Pois ben, neste contexto internacional globalizado e de superficción, poderíamos dicir, xorde unha necesidade de realidade que se traduce no que se chama, actualmente, literatura de dicción e non ficción: un rexeitamento radical da ficción para falar da “verdade”, da propia vida, unha tendencia literaria moi estendida, por exemplo, nos países nórdicos ou nos Estados Unidos. Karl Ove Knaugaard é un exemplo con enorme éxito mundial pola súa triloxía *Min Kamp (A miña loita)*. O que amosa esta literatura ao presentar vidas concretas pretendendo veracidade é que non existe un mundo estritamente globalizado, que a cultura sueca ou norueguesa son moi diferentes á nosa e a calquera outra. Pero o propio Karl Ove Knaugaard anuncia un rexeitamento a seguir a falar da súa vida e unha necesidade de ficción; o novo é que esta necesidade de ficción xa non significa contar o mundo dende unha idea preconcebida como a narrativa posmoderna. Podemos falar dunha necesidade, xa nos propios autores, de entender a realidade que está na vida cotián, o campo da novela, que é quen de amosar o que non se ve no día a día

e que, non obstante, é o que conforma o noso xeito de estar xuntos. A novela ten a capacidade de dar a coñecer identidades porque ten a capacidade de amosar a diferenza, de facer de espello de culturas, pero sen ningún desexo de construílas. Ese espello sempre é crítico dende a busca das lóxicas da condición humana e, precisamente, calquera cultura precisa desa autocrítica, de verse para poder desenvolverse con naturalidade. Agora ben, para sermos críticos temos que ter liberdade creativa, non estar amurallados por obxectivos políticos ou sociais, neste caso, por un desexo de autonomía que deixa o presente baleiro.

A novela, posta dende hai tempo en interdito como forma narrativa axeitada para dar conta da nosa sensibilidade actual, ten un papel fundamental na posibilidade dese mundo literario plural en interrelación que amosa as lóxicas internas da condición humana. A novela é unha forma de narrar que parte dun impulso de busca, de busca desas lóxicas internas da condición humana, sendo a procura mesma a lóxica que sempre atopa. Fornece lóxicas nos xeitos de estar, pero sobre todo achega a procura como unha condición humana fundamental. A novela non é un campo de creación de identidade, senón un recoñecemento do compartido por toda a humanidade dentro da diversidade. O seu campo é as relacións entre o individuo e a súa sociedade, poñendo en crítica todos aqueles aspectos do noso xeito de organizarnos que anula a singularidade e o exceso de individualismo que fai imposible a comunidade. O valor da novela é a experiencia que supón de comunidade. Ao narrar dende as coordenadas de espazo e tempo fai que o lector poida asistir de xeito experiencial ao que lle contan; por iso é importante a escena que responde a un lugar e un tempo. Este carácter experiencial, que se perde na literatura globalizada, dáse no momento en que o texto fai de espello dunha cultura determinada.

---

<sup>5</sup> Entendemos que ao partir dunha natureza aleatoria da experiencia humana non amosa un personaxe en relación, dentro da súa sociedade, senón individuos vistos máis dende unha idea de fragmentación que iguala a todos.

A experiencia da novela, en último caso, é unha experiencia de comunidade porque a comunidade, seguindo as novas teorías filosóficas, en concreto, a do filósofo francés Jean Luc Nancy, aparece, non se pode construír, aparece no momento en que as singularidades se comunican, nunca vén dunha construción ideolóxica de formas de relación. O común, segundo Nancy, sería o contrario da comunidade, baseada na singularidade: “Non se trata de mensaxe: nin un libro, nin unha música, nin un pobo son, como tales, os portadores ou os mediadores dunha mensaxe. A función da mensaxe atinxe á sociedade e non ten lugar na comunidade”<sup>6</sup> (Nancy 2000: 88).

É por iso que a novela, campo narrativo á marxe da ideoloxía, espazo crítico cos aspectos da propia forma de organizarnos que non permiten a singularidade, é un elemento conformador de comunidade e non de nacionalidade, entendendo a comunidade no senso de Nancy, como unha comunicación que acontece, non como unha construción de identidade. Outra cousa é o que a política poida facer con textos que toma como seus e os converte en símbolos dunha nacionalidade, pero, en si mesmo, don Quixote é unha marabillosa reivindicación da singularidade universal, non da españolidade.

Neste artigo queríamos reflexionar sobre a necesidade de fomentar a novela total, sen subxénero narrativo, entendendo por novela total a que reflicte a sociedade na súa totalidade e con todas as contradicións, sen partir dun preconcepto e sen ter como obxectivo primordial o pracer do lector. Entendemos esa liberdade crítica como un elemento fundamental para acadar a autonomía da literatura galega entrando deste xeito no mundo literario, literatura mundial, segundo as ideas de Goethe. A literatura galega non ten ese problema coas voces ceibes da poesía, pero dalgún xeito a novela, polo seu carácter crítico realista e, por tanto, pola súa proximidade á política, semella

ter o espazo máis restrinxido. Ese é traballo do propio sistema literario, que, ademais, ten que acadar un posto nesa conversa internacional reivindicando, como facía Goethe, unha pluralidade de puntos de vista allea a diferenciar culturas con Estado ou sen Estado. Imaxinemos por un momento que Galicia fose un Estado sen diglosia, sen unha constante referencia a unha cultura allea que se mistura coa propia; habería máis novela? Parece evidente que sería crítica consigo mesma no canto de poñer a crítica na circunstancia política adversa. Imaxinemos que Galicia toma conciencia de si mesma como unha comunidade que se constrúe mesmo nesta circunstancia diglósica e falta de autonomía, de Estado. Abriríase un espazo a novela como creación de experiencia de comunidade? Na súa presentación de *Desfeita*, de Camilo Gonsar, Uxío Novoneyra aludía á necesidade de vernos:

E sólo nos interesa profundamente, en literatura como en todo, aquello que está cargado de realidad, e inda máis dunha realidade na que nós estamos implicados, profundamente implicados diría, neste caso: ¡Totalmente implicados! E que iba a ser sinón máis que a realidade de Galicia, da Galicia actual, da Galicia presente, ou todo o máis lonxe, da Galicia recente. (Novoneyra 2010: 43)

Cando fala de realidade non fala dunha mí-mese como simple copia, fala de ver o que está fóra da nosa vista na vida cotiá, porque non se pode ver en profundidade o que se está a vivir, non se ten a distancia precisa para unha ollada crítica, para ver eses puntos mortos na nosa vida social que unha voz singular de narrador de novela é quen de amosar. E esa realidade non pode verse dende ningunha ideoloxía, senón dende o desexo de crear comunidade que aparece na busca do que somos, sexa cal sexa a nosa cultura e as nosas circunstancias. Deste xeito, a autonomía da literatura galega viría da man da liberdade creativa por riba da circunstancia política. Esta reivindicación

<sup>6</sup> Jean Luc Nancy distingue sociedade de comunidade. A primeira é máis ben unha asociación disociante e a segunda o estar xuntos das singularidades

da novela total non leva consigo un rexeitamento das outras formas narrativas, novelas de subxéneros narrativos, narracións máis de tipo mitolóxico ou textos postmodernos; simplemente facemos unha reflexión sobre a forma máis feble na nosa literatura.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BLANCO AMOR, Eduardo (2006): *A esmorga*. Vigo: Galaxia.
- (1966): “Os biosbardos”, *Grial. Revista galega de cultura* 11, pp. 332-339.
- ECKERMANN, Johan Peter (2005): *Conversaciones con Goethe*. Barcelona: Acantilado.
- GONSAR, Camilo (2002): *Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo*. A Coruña: Real Academia Galega
- (2010): *Desfeita*. Vigo: Galaxia.
- KANT, Immanuel (2006): *Ideas para una historia universal en clave cosmopolita y otros escritos sobre filosofía de la historia*. Madrid: Tecnos.
- KNAUSGAARD, Karl Ove (2014): *Un hombre enamorado*. Barcelona: Anagrama.
- LÓPEZ SILVA, Inmaculada (2001): *Escritores, lingua e identidade: o exemplo da literatura galega contemporánea*. A Ríoxa: Iana, Revista Philologica Romanica (Monografía 2).
- NANCY, Jean Luc (2000): *La comunidad inoperante*. Santiago de Chile: Escuela de Filosofía Universidad ARCIS.
- NOVONEYRA, Uxío (2010): *Cadernos Ramón Piñeiro (XVI), celebración de Uxío Novoneyra II (1930-1999)*. A Coruña: Real Academia Galega.
- NOGUEIRA, María Xesús (2007): *O imaxinario na literatura galega actual* (dispoñible en: [http://www.aelg.org/resources/galeuscas/Lugo\\_Mondonedo\\_07/Textos/Maria\\_Xesus\\_Nogueira\\_Pereira.pdf](http://www.aelg.org/resources/galeuscas/Lugo_Mondonedo_07/Textos/Maria_Xesus_Nogueira_Pereira.pdf)).
- RISCO, Vicente (2007): *O porco de pé*. Vigo: Galaxia.